

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

POESÍA PARA VER/POESÍA PARA LER

Estevez e Lugrís, 'de xira' por Ferrol

O próximo venres 6 de febreiro inauguran a súa exposición cun recital na Galería Sargadelos da cidade.

Redacción - 09:00 02/02/2009

Entre o 6 e o 28 de febreiro poderán visitarse na [Galería Sargadelos de Ferrol](#) dúas exposicións dos poetas [Eduardo Estévez](#) e [Igor Lugrís](#). Poesía para ver e poesía para ler, polo tanto. Estévez e Lugrís son dous dos autores galegos que máis se teñen preocupado por achegar e fusionar a poesía e a palabra con outros soportes e formatos, e ao tempo, os que de xeito máis constante empregan a rede como espazo de creación e difusión das súas obras. O venres 6 estarán os dous en Ferrol inaugurando senllas exposicións.

Igor Lugrís presenta a mosta *Poesía para ver/ poesía para ler*. Trátase dun proxecto literario en permanente construción, "que procura novos camiños de expresión, novas formas de contacto co público/lector, convertendo o poema nun obxecto plástico que se poda ao tempo ler e ver, recitar e expor, nun intento de achegar a poesía, e a literatura en xeral a novos públicos, tentando romper o muro que separa a creación da vida cotiá". A exposición puido verse xa en Cabanas Raras e Ponferrada, no Bierzo, e mais en Salvaterra do Miño, Pontearreas e Santiago. Algunhas das imaxes que se exporán en Ferrol poden verse na rede, [nunha galería de Flickr](#).

Desde internet, Lugrís promoveu e coordinou diversas iniciativas literarias, como denominador común da creación colectiva e o achegamento informal á lectura e á escritura. Un dos resultados dese traballo foi a creación do cadáver exquisito *Há unha certa luz incompreensível na distancia*, no que participaron máis de 50 autores. Cos case que 100 poemas resultantes, organizou e comisariou unha exposición chamada Expocadáver, en Abril de 2007 na Galería Domilvacas.arte, en Ponferrada. Coordinou, comisariou e participou na exposición *alimetARTE*. Encontro artístico, literario e gastronómico, celebrado na mesma galería entre os meses de xuño e xullo de 2007, e na que participaron uns 20 artistas de diversas disciplinas.

En canto a Eduardo Estévez, presenta *Os veos da paisaxe*. O seu libro homónimo foi publicado por primeira vez en Retagarda Edicións (2000) e del se fixeron, posteriormente, dúas edicións dixitais, en Biblioteca Virtual Galega e luagris.net. Agora expón un conxunto de fotografías que se unen aos poemas e os completan. As imaxes do proxecto fotográfico naceron en 2004 durante unha serie de viaxes periódicas realizadas atravesando o Concello de Xermade. Posteriormente integráronse co libro no proxecto editorial de Edicións Bourel que verá luz ao longo deste mes de febreiro no ámbito da exposición.

['A minha lingua quero na tua boca...' \(Entrevista a Igor LUGRÍS\)](#)

["A discusión sobre o futuro do libro é arcaica: O futuro é internet" \(Entrevista a Eduardo Estévez\)](#)

Novas relacionadas

- [Poesía contra o peche de Astra Zeneca](#)
- ['Construcións' volve á rede](#)
- [O libro da polémica xa está na rúa](#)
- [Retíranlle o 'González Garcés' a Eduardo Estévez](#)
- ["A discusión sobre o futuro do libro é arcaica: O futuro é internet"](#)
- ['A minha lingua quero na tua boca...'](#)
- ["As antigas aves alejandrinas..."](#)